



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 26 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:15 horas do día 26 de setembro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 23-09-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Carlos López Font

Vocais:

Dna. Susana García Álvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 1.d)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 1.b, 4.a, 5.a e 6.a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 1.c)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 1.a, 2.a e 3.a)

Secretaria Dna. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

1.- Incidencia

- a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106) - (Proposta de exclusión e declaración do procedemento deserto)**

Dáse conta do informe do xefe de área de servizos Xerais, de data 23 de setembro de 2016, no que se pon de manifesto que o único licitador admitido no procedemento de referencia ofertou un prezo de contrato superior ao máximo fixado no apartado 3.A da Folla de especificacións do contrato do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:57	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA46-51D6A8-593DBB-B82HHX-4HVM9C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria, na súa calidade de xefa do servizo de Contratación, manifesta neste acto que verificouse polo servizo que non existe ningún erro nos anuncios relativos a este procedemento publicados no perfil do contratante e nos diarios oficiais, que houbera podido conducir a error ao licitador a hora de ofertar o prezo do contrato.

A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

1º.- Excluir a SIELVIGO, S.L., do procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106), por ter excedido a súa oferta o prezo do contrato fixado no apartado 3.A da Folla de especificacións do contrato do PCAP.

2º.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da exclusión acordada no punto anterior.

3º.- Propoñer á Xunta de Goberno Local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de Nadal (3007-106) por mor da exclusión do único licitador que presentouse á licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón Fase 4 (3918-440) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

Dáse conta do informe do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 22 de setembro de 2016, no que se pon de manifesto que as ofertas formuladas polas mercantís PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L., EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L., ORESA, S.L., COPCISA, S.A. e NAROM, S.L., conteñen valores anormais ou desproporcionados.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda iniciar o procedemento previsto A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, e solicitar as citadas empresas, a xustificación das súas ofertas. Acordase concederlle un prazo de tres días para presentar as alegacións e a documentación que consideren oportuna para xustificar a valoración da oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Monte da Mina (15121-333) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

Dáse conta do informe do Xefe da área de Inversións, de data 21 de setembro de 2016, no que se pon de manifesto que as ofertas formuladas polas mercantís REALTURF SYSTEMS,S.L., MONDO IBERICA, S.A., OZIONA, SOLUCIONES DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:57	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA46-51D6A8-593DBB-B82HHX-4HVM9C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ENTRENENIMIENTO, S.L. e NAROM, S.L., conteñen valores anormais ou desproporcionados.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda iniciar o procedemento previsto A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, e solicitar as citadas empresas, a xustificación das súas ofertas. Acordase concederlle un prazo de tres días para presentar as alegacións e a documentación que consideren oportuna para xustificar a valoración da oferta e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

A citada documentación deberá presentarse no Rexistro Xeneral do Concello de Vigo, finalizando o prazo o día 29 de setembro as 13.30 horas.

d) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307) (Entrega informe do conservador e solicitude de información adicional)**

Dáse conta do informe dos informes do Conservador de Espazos Naturais de Patrimonio Histórico, de data 20 de setembro de 2016, e da xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, de data 21 de setembro de 2016.

Á vista dos mesmos, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda solicitar a empresa clasificada en primeiro lugar neste procedemento, Xestión Ambiental de Contratadas, S.L., que aclare a coherencia entre os gastos que supoñen as frecuencias ofertadas a maiores e o prezo do contrato ofertado. En particular, deberán aclarar se a partida de gastos de persoal que consta no orzamento desglosado do servizo axuntado ao sobre C é suficiente para facer fronte aos incrementos de frecuencias ofertados. Deberá indicar a si mesmo, o convenio colectivo aplicable ao seu persoal.

2.- Apertura da documentación administrativa

a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:57	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA46-51D6A8-593DBB-B82HHX-4HVM9C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Procedese a apertura do sobre A “Documentación persoal” do procedemento de referencia. Tras o exame e cualificación da mesma, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes, acorda admitir no mesmo á mercantil PLANTAS DE LEVANTE,S.L., por ser correcta a declaración responsable presentada.

3.- Apertura documentación técnica.

- a) **Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106)**

En acto público procedese a apertura do sobre B “Proposta avaliable mediante xuízo de Valor” do citado procedemento. A continuación, a Mesa, por unanimidade dos asistentes, acorda:

“1º.- Que o servizo de contratación proceda a facer unha copia do usb que contende o sobre B e á custodia da mesma.

2º.- Dar traslado da documentación ó servizo xestor para que proceda á valoración da mesma”.

Asiste ao presente acto D. Fernando Otero Vilariño, en representación de PLANTAS DE LEVANTE, S.L.

4.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)**

Entrégase o informe do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 23 de setembro de 2016, de valoración do “SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” e clasificando as ofertas por orde descendente.

5.-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)**

Acéptase o informe do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, de data 23 de setembro de 2016, de valoración do “SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA” e clasificando as ofertas por orde descendente.

6.- Propostas de clasificación.

- a) **Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:57	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA46-51D6A8-593DBB-B82HHX-4HVM9C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Licitador	Puntos totais
EKIPO, SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL	91

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 858,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:59 horas. De todo elo, eu secretaria, dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria

D. Carlos López Font

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:57	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAA46-51D6A8-593DBB-B82HHX-4HVM9C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		